



DATOS IDENTIFICATIVOS

Educación de Adultos

Materia	Educación de Adultos			
Código	O05M138V01107			
Titulación	Máster Universitario en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	4.5	OB	1	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Ricoy Lorenzo, María Carmen			
Profesorado	Membriela Iglesia, Pedro Ricoy Lorenzo, María Carmen Sánchez Martínez, María Cristina Seoane Pérez, Emilia			
Correo-e	cricoy@uvigo.es			
Web	http://http://www.masterdiversidade.com/index.php			
Descrición xeral	<p>O Módulo 4, Procesos formativos en persoas adultas, está integrado pola materia de: Educación de adultos e Calidade de vida para as persoas maiores.</p> <p>Os contidos da materia, Educación de Adultos, xiran ao redor do:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Deseño de programas e metodoloxías de ensino-aprendizaxe para adultos - Os programas universitarios para maiores - Ageismo: actitudes, prexuízos e estereotipos cara as persoas maiores. <p>Esta materia permite adquirir unha formación teórico multidisciplinar e comprender os fundamentos teórico-prácticos relacionados coa educación de persoas adultas, coñecendo e analizando situacións reais tanto en contextos educativos formais como non formais e establecendo contacto directo con experiencias, así mesmo favorece a adquisición de coñecementos e destrezas axeitados para o deseño e posta en práctica de proposta de intervención no ámbito da educación de persoas adultas.</p>			

Competencias

Código	
A1	Posuír e comprender coñecementos relacionados co ámbito da diversidade que aporten unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación.
A3	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüedades.
A4	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe autodirixido ou autónomo que lles permitan continuar estudando ao longo da súa vida.
B2	Coñecer e analizar as situacións reais de diversidade que se poden ver reflectidas nos contextos educativos, tanto formais como non formais, empregando procesos sistemáticos de indagación.
B3	Establecer contacto directo con experiencias innovadoras relacionadas coa diversidade, valorando o seu interese e as posibilidades de ser transferidas a outros contextos profesionais semellantes, así como de ser aplicables a situacións novas e emerxentes.
B4	Favorecer a adquisición dos coñecementos e destrezas idóneas para o deseño, posta en práctica e avaliación de propostas de intervención no ámbito da diversidade, ofrecendo novas iniciativas na resolución dos problemas.
C1	Comprender os principios básicos dos grandes ámbitos da diversidade dende unha perspectiva multidisciplinar, sendo capaz de describir e comparar as diferentes correntes teóricas dominantes en cada ámbito da diversidade dende unha perspectiva multidisciplinar
C2	Adquirir habilidades básicas de deseño, aplicación e avaliación de propostas de intervención dirixidas a traballar coa diversidade, valorando especialmente as aportacións innovadoras

C3	Ser capaz de analizar prácticas profesionais relacionadas co tratamento da diversidade, detectando puntos fortes e débiles, con especial énfase nas de carácter innovador
C7	Identificar os servizos de apoio escolares e socio-comunitarios que poden ser de utilidade no ámbito da diversidade
C9	Comprender, analizar e valorar as dimensións éticas e políticas implícitas nos procesos educativos formais e non formais en contextos de diversidade
C12	Ser capaz de emitir unha valoración crítica sobre programas, materiais e prácticas educativas e socio-educativas relacionadas coa diversidade
C13	Promover unha actitude positiva cara as ideas e as prácticas educativas innovadoras relacionadas coa diversidade
D1	Utilizar as novas tecnoloxías en diferentes contextos: formativos, de investigación, de aplicación profesional, para difundir e compartir ideas, etc.
D3	Adquirir condutas de respecto e de axuda. Ser sensibles a todo tipo de diversidade
D4	Adquirir as habilidades básicas para o debate e a exposición de ideas fundamentadas
D5	Favorecer o traballo cooperativo, asumindo responsabilidades e aceptando a disparidade de opinións

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecer e comprender os compoñentes clave e a singularidade do proceso formativo con persoas adultas.	A1 B4 C1 D3
Identificar os elementos do deseño de programas de educación formal e non formal para persoas adultas.	A1 B2 C3 C13 D4
Analizar perfís profesionais actuais e emerxentes relacionados coa educación de persoas adultas.	A4 B4 C7 C9 D3
Identificar os servizos socio-comunitarios e as súas actividades profesionais que poden servir de apoio a institución escolar no relativo a educación de persoas adultas.	A3 B2 C2 C12 D1 D5
Adquirir un compromiso ético no desenvolvemento da intervención profesional coas persoas maiores, evitando actitudes paternalistas e prexuízos.	A1 B3 C9 C12 D1
Analizar e valorar as propostas curriculares da administración e/ou de outras alternativas con apertura e flexibilidade.	A1 A3 B2 C2 C7 D4 D5

Contidos

Tema	
Aproximacións teóricas ao envellecemento	Conceptos introdutorios e definicións básicas relacionadas co "viejismo" ou "ageism". Ageism positivo e negativo. Causas e consecuencia do Ageism: individuais, sociais e culturais. Avaliación do ageism. Liñas de intervención para fomentar o respecto a diversidade, para incrementar a autoestima e o "empowerment" das persoas maiores.
Características da formación de persoas adultas.	Peculiaridades e condicionantes da aprendizaxe das persoas adultas: horarios, características biolóxico-psicolóxicas, sociais, laborais, etc. Construcción do coñecemento nas persoas maiores.
Programas de formación regrada e non regrada para persoas adultas na contorna non universitaria.	Deseño e desenvolvemento de programas para persoas adultas. Estratexias e recursos de ensino-aprendizaxe con persoas adultas.
Os programas universitarios para persoas maiores.	A situación europea e española. Proxección social, asociacionismo, voluntariado e relacións interxeracionais. As Aulas de Formación Aberta: O Programa para persoas maiores da Universidade de Vigo.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	8	28	36
Estudo de casos	2	10	12
Traballo tutelado	7	35	42
Resolución de problemas	5	10	15
Seminario	4	1.5	5.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Lección maxistral	O profesorado exporá oralmente os contidos centrais da materia apoiándose en recursos didácticos e incorporará estratexia que promovan a participación do alumnado, atendendo tamen a resolución das diferentes dúbidas.
Estudo de casos	Análise de situacións, que se lle presentarán ao alumnado coa finalidade de reflexionar, contrastar datos e buscar posibles alternativas para melloralas.
Traballo tutelado	Para poñer en contacto o alumnado coa teoría e experiencias sobre formación de persoas adultas para promover o desenvolvemento de traballos, que titorizará en pequeno grupo o profesorado.
Resolución de problemas	Actividade na que se resolverán diferentes cuestións relacionadas coa materia. O alumno/a aplicará procedementos de transformación da información e a interpretación da información. Adóitase empregar como complemento da lección maxistral.
Seminario	Actividade enfocada ao traballo sobre un tema específico, que permite afondar ou complementar os contidos da materia. Pódese empregar como complemento das clases teóricas.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	O profesorado ofrecerá apoio ao alumnado para a realización de pequenos traballos/actividades fundamentalmente de aula, orientarao e resolveralle dúbidas.
Resolución de problemas	O profesorado apoiará ao alumnado principalmente na realización das actividades de aula, resolverá dúbidas, etc.

Avaliación							
	Descrición		Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Estudo de casos	Valorarase a actitude e implicación do alumnado sobre a situación obxecto de análise.	10	A4	B2	C12	D4	
Traballo tutelado	Valorarase a actitude e implicación do alumnado no proceso de realización de diversos traballos, así coma polo resultado acadado.	40	A1 A3	B4	C1 C2 C7 C9	D1 D5	
Resolución de problemas	Valorarase a implicación e participación do alumnado no desenvolvemento de actividades de aula.	30	A3	B2	C3	D1 D3 D4	
Seminario	Valorarase a implicación, participación e traballo realizado polo alumnado no seminario.	20	A4	B4	C1 C2 C12	D4 D5	

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado que non supere a materia por avaliación continua terá unha/s proba/s de avaliación, ao redor dos contidos nucleares da materia, coa data tope que marque o calendario do mestrado para os exames oficiais.

Esta proba de avaliación suporá o 100% da puntuación e os seus pormenores e características serán concretadas polo profesorado ao alumnado cando realice a consulta.

As datas dos exames oficial, horarios, etc. poden consultarse na web do mestrado:
<http://masterdiversidade.webs.uvigo.es/gl/>

O lugar de publicación das calificacións e de revisión será o taboeiro de anuncios do despacho do profesorado responsable e/ou a Plataforma utilizada para teledocencia nesta materia. A hora de revisión sinalarase no listado de calificacións exposto a partir da data oficial determinada na web do mestrado: <http://masterdiversidade.webs.uvigo.es/gl/docencia/exames/>

En caso de superar algunha das partes da materia conservarase a súa calificación dentro do mesmo curso académico, pero na Acta académica figurará como non superada e colocarse a cualificación resultante da puntuación obtida (atendendo previamente a súa respectiva ponderación).

As partes da materia superadas na 1ª oportunidade, non serán obxecto de avaliación na 2ª, considerándose, polo tanto, como aprobadas nese curso académico.

Máis información sobre o proceso de avaliación así como sobre o tipo de proba/s, as orientacións para a realización, data de entrega, etc. será facilitada baixo demanda do alumnado que precise, ao non poder superar a materia por avaliación continua.

OUTRAS OBSERVACIÓNS

En coherencia co carácter inclusivo que caracteriza a Facultade de Educación e Traballo social, esta guía poderá ser adaptada para atender ás necesidades específicas de apoio educativo que presente o alumnado adscrito ao programa PIUNE (PAT).

Coa finalidade de favorecer a conciliación da vida laboral e a formación académica, os contidos, planificación, recursos metodolóxicos e sistema de avaliación adaptaranse para educadores en exercicio que acrediten un horario incompatible con las clases presenciales; en todo caso, garantizando a consecución das competencias e resultados de aprendizaxe establecidos neste documento. Abrirase un cartafol específico na plataforma Moovi na cal se informará das tarefas e probas de avaliación que guiarán o desenvolvemento desta materia para este alumnado.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Agencia Ejecutiva en el ámbito Educativo, Audiovisual y Cultural, **La educación formal de adultos en Europa: políticas y prácticas**, Ministerio de Educación, 2011

De Juanas-Oliva, J. & Rodríguez-Bravo, A. E., **Educación de personas adultas y mayores**, UNED, 2019

Hidalgo, J., De la Blanca, S. & Risueño, J. J., **La innovación educativa en la educación de adultos como mejora del proceso de enseñanza-aprendizaje**, Escuela Abierta, 14, 83-10, 2011

Ibarra, N. & Jardón, P., **Educación de jóvenes y adultos. Investigaciones, experiencias internacionales y buenas prácticas en la formación permanente**, Ostaedro, 2017

Jiménez Frías, R., **Educación de personas adultas en el marco del aprendizaje a lo largo de la vida**, UNED, 2009

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Outros comentarios

Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas en base a materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS).

Recoméndase participar na marcha da clase e nas actividades/traballos propostos polo profesorado para desenvolver a aprendizaxe e poder superar a materia a través da avaliación continua.